

Speed Mam Color™

TEST RÁPIDO DE IDENTIFICACIÓN Y ANTIBIOGRAMA EN MASTITIS

Identifica en 48h las 8 principales bacterias implicadas en mastitis clínicas

48h



24h

Antibiograma en 24h con 14 opciones de antibióticos disponibles en veterinaria

CON SPEED MAM COLOR
PODRÁS UTILIZAR EL
ANTIBIÓTICO ADECUADO
DESDE EL PRIMER MOMENTO

Consulta aquí el video con las instrucciones para la utilización de Speed Mam Color.



Virbac

Resiliencia e profesionalización, a folla de ruta para a remuda na gandería rural



En vídeo

Dúas familias gandeiras son testemuña, e mostra, da motivación que o Centro de Promoción Rural-EFA Fonteboa (Coristanco, A Coruña) esperta nas novas xeracións. A institución brinda especialización no ámbito rural nos niveis medio e superior: gandería, xestión forestal, produción agropecuaria... Como valores adquiridos no fogar e reforzados na súa formación, os irmáns Ismael e Sergio Lois destacan a autonomía e o compromiso, mentres que Simón e Sergio Blanco resaltan a implicación e a curiosidade constante. Este #YoSoyCampo recolle diferentes arestas do emprendemento gandeiro, xa que a súa elección implica moito máis que a cuestión económica.

EFA Fonteboa leva desde 1975 facilitando a inserción laboral da mocidade no rural. É aí onde as últimas xeracións das familias Lois e Blanco teñen o seu berce e a súa proxección profesional. Juan e Rosario, pais de Ismael e Sergio Lois, coinciden con Patricia e Marcos, pais de Simón e Sergio Blanco, en que o traslado desde centros xeneralistas foi positivo para os seus fillos: "O vínculo coa gandería entre o alumnado fíxoos sentirse máis cómodos porque podían falar de vacas, de tractores e de cousas que lles gustaban".

FORMACIÓN PRÁCTICA E ACTUALIZADA

A formación constante do profesorado é un dos piares da oferta académica. José Gil Facorro, docente e coordinador de Formación Profesional, concreta que a participación de "empresas pioneiras" no currículo está dirixida a toda a comunidade educativa, a través de prácticas para o alumnado e do apoio á formación con clases prácticas impartidas por técnicos de empresa. Este é o caso que, curso tras curso, se dá con Virbac.

Que cada educador "estea á vangarda" é indispensable para que o, primeiro, estudante e "futuro gandeiro poida aplicar as novas tecnoloxías". A calidade

que se espera de cada detalle e activo da súa programación didáctica é alta e está en constante construción, xa que son conscientes de que traballan "con mozos que teñen as mellores granxas de Galicia", sentenza Gil.

A REMUDA XA ESTÁ EN MARCHA

Ismael e Sergio planifican continuar en Ganadería Os Agros de Frieiro SCG (Santa Comba, A Coruña), que hoxe conta con 200 vacas muxidas en sala, priorizando as súas paixóns persoais: agricultura e benestar animal, respectivamente. O primeiro, o maior dos dous, realizou o ciclo medio de Producción Agropecuaria para, posteriormente, cursar o superior de Gandería e Asistencia en Sanidade Animal e incorporarse á gandería. O pequeno, que finalizou o mesmo ciclo superior ca o seu irmán e considera iniciar o grao universitario en Enxeñería Agrícola, leva desde o segundo curso de Educación Secundaria Obrigatoria no centro.

Sergio e Simón están decididos a ampliar os seus coñecementos en sanidade e selección xenómica, mentres continúan en Ganadería Queirugueira SC (Val do Dubra, A Coruña), granxa creada polos seus avós paternos e que hoxe conta con 180 vacas en muxidura cun sistema

robotizado. Sergio, que comparte traxectoria formativa con Ismael, recalca o valor indispensable da teoría, das conversas cos compañeiros e das metodoloxías externas para unha xestión empresarial exitosa na actualidade.

A súa participación nas rutinas diarias das ganderías foi unha realidade desde a súa infancia. Co paso dos cursos, os mozos volvían á casa sumando ilusión e ferramentas, apunta Rosario: “Están mellor preparados ca nós e a súa perspectiva é a de mellorar a empresa. En certos temas, indican cal é a mellor opción”. Marcos subliña outras claves metodolóxicas que acompañan a base teórica: “Achégalles unha visión moito máis ampla, xa que, entre outras cousas, se lles ofrece viaxar ao estranxeiro e ter sinerxías”.

UNHA EXPERIENCIA MÁIS ALÓ DAS AULAS

A posibilidade de “coñecer o sector noutros países a través do Erasmus” achegoulle a Simón Blanco un maior coñecemento do mercado actual, “das formas de traballar e das diferentes opinións existentes no sector”. Nunha comparativa, a industria de Galicia non ten nada que envexar á doutros territorios: “Está bastante avanzada e, a nivel nacional, supón unha gran parte da produción láctea. Noutros territorios as producións son moi similares en canto a resultados e tecnificación”.

Xunto coa divulgación de tratamentos de cultivo ou das prácticas de benestar animal, no centro estímúlase a “actitude de conservación do medio ambiente”. Para gran parte do alumnado, ademais de ser o contexto da súa infancia, o rural é aquel no que trazan o seu futuro. En todos eles, Gil identifica unha característica en común: “Son persoas con resiliencia ante os momentos duros do sector. A súa vocación fai que interioricen o que é o propio medio”.

Ao describir a industria láctea rural, Gil concreta factores que predican un bo porvir: o aumento da produción, a mellora das condicións laborais e a tecnificación. O docente apunta o tratamento das novidades en vacún, como son as técnicas de robotización nas salas de muxidura. Este fai especial fincapé nas “diferenzas” existentes: “Unha sala de muxidura rotativa, unha *batch milking*, robots de muxidura... Débense estudar as necesidades de cada granxa, xa que ningún sistema é viable para todas as empresas”.

Malia todo, a perda poboacional e a falta de remuda xeracional converten en reto dar continuidade ás empresas familiares. Ante este, Juan, como pai, ve a seguinte xeración “totalmente preparada”, a cal demostra un manexo da maquinaria inigualable, entre outras aptitudes. Como emprendedor experimentado, aconsella “investir con cabeza”, incidindo na necesidade de coñecer axeitadamente os riscos e as oportunidades de cada negociación.

Os catro estudantes teñen claro o nexa entre o benestar do gando e a produción. O seu compromiso co sector está apoiado pola orientación realista e estimulante dos seus predecesores, que saborean hoxe os froitos do esforzo. Rosario concretáao: “Nesta vida hai que loitar polo que se quere e seguir para adiante. Todo o que temos é grazas á nosa suor”.

“Están mellor preparados
ca nós e a súa perspectiva
é a de mellorar a
empresa”



As prácticas permiten ao alumnado trasladar ao terreo os coñecementos adquiridos e a se familiarizar con situacións e procesos que atoparán no seu futuro profesional



#YoSoyCampo

¿TE UNES?

Virbac